



**1. EMPRAZAMENTO**



**DATOS XERAIS**

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Arousa. Municipio: O Grove. Parroquias: San Vicente do Grove. Extensión: 2,77km<sup>2</sup>.

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

A franxa costeira de San Vicente do Mar ten como trazo definitorio o complexo sedimentario formado pola praias de Paxareiros, Area da Cruz e do Espiño, separadas por unha serie de puntas e afloramentos rochosos a modo de illotes graníticos, e que culminan na contorna urbana do núcleo de San Vicente do Mar. Toda a fronte sedimentario areosa prolóngase cara ao interior mediante un cordón dunar máis ou menos degradado pola intensa presión á que está sometido ante a expansión do fenómeno turístico e a construción de infraestruturas de comunicación. A vertente presenta un perfil regular de pendente suave cara á cabeceira formada por pequenas elevacións graníticas polo xeral por baixo dos 100m snm.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A unidade componse de Granodioritas Biotítico-Anfibolíticas na súa maior parte; aínda que son de destacar os micaesquistos, cuarzoesquistos e paragneises dispostos en bandas de orientación NO.-SE. No lugar do Espiño. En toda a costa meridional e representando aos materiais cuaternarios da unidade, poden atoparse zonas de depósitos de dunas, culminadas en áreas de praia.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Costa sedimentaria de ambiente climático Cálido e Húmido: precipitacións medias entre 1200mm e 1400mm, temperaturas suaves que alcanzan valores medios anuais por encima de 15°C e amplitude térmica anual entre 12,5°C e 13,5°C.

#### OS SOLOS

A costa de San Vicente presenta areosos álbicos e háplicos en relación co complexo sedimentario que se estende entre as praias Area da Cruz e Paxareiros. A intensa presión urbanística da zona tamén modificou os chans polo que son frecuentes os antrosos na franxa costeira. Os chans máis característicos do interior son os cambisols dístricos, aínda que cara aos montes Loureiro e Cons da Garda, fanse menos profundos e dan paso a umbrisois e leptosois líticos.

#### AS AUGAS

Nesta unidade litoral fundamentalmente chaira non se atopan arrosos permanentes, tan só o algúns temporais que verten ás áreas baixas das praias de Area da Cruz e de Paxareiros. As Augas Costeiras desta unidade identifícanse co código 20150.

#### O PATRIMONIO NATURAL

Pertence ao IBA Contorna mariña de as Rías Baixas. Costa mixta de dominio areoso coas praias de Area da Cruz e Praia de Paxareiros, aínda que aparece un sector cantil entre esta e A Lanzada. Neste sector pódese citar o hábitat 1230 de cantís mariños atlánticos. Nas zonas areosas destaca unha banda bastante continua de dunas, hábitats do grupo 21, dunas marítimas atlánticas, e 2230, dunas con céspedes de *Malcolmietalia*. Tanto en zonas areosas como en áreas de praias de cantos como as existentes na zona do Espiño, aparece o hábitat 1210, vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados. No que se refire aos hábitats é de destacar unha masa mixta na que dominan frondosas autóctonas, tralo extremo O. da Area da Cruz, cuxa adscripción ripícola (91E0) parece clara. Nas elevacións do NE. e nas de Cons da Garda, aparecen afloramentos que implican o ambiente de pendentes rochosas con vexetación casmofítica (grupo 82), ademais dalgúns sectores de breixeiras secas europeas (hábitat 4030).

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

Predominio do uso forestal e do uso residencial en urbanizacións destinadas na súa maioría a segunda residencia na tempada estival. As súas numerosas e excelentes praias actúan como reclamo turístico propiciando unha ampla oferta hostaleira, numerosísimos cámpings e zonas de aparcadoiro, a existencia dun porto deportivo e un club náutico corroboran a actividade turística desta unidade. Na liña costeira destaca a presenza de naves industriais vinculadas coa industria conserveira e a acuicultura. A presenza puntual dun equipamento educativo ofrece servizo aos asentamentos próximos a esta unidade. O escaso parcelario agrícola sitúase o norte, no fondo da mesma.

#### MORFOLOXÍA

Existe unha gran diversidade tipolóxica das edificacións existentes na fachada costeira, tanto de vivendas acaroadas como exentas, vivendas colectivas e unifamiliares, con parcela propia ou común. O conxunto edificatorio máis concentrado atópase na urbanización de Pedras Negras, que mostra esta gran diversidade tipolóxica. Os asentamentos presentan novas edificacións que se usan como segunda residencia na tempada estival, buscando a accesibilidade ás praias.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A estrada PO-317 percorre a franxa litoral e actúa como eixo principal da unidade soportando o tránsito dos vehículos en tempada estival, provista de abundantes zonas de aparcadoiro. Hai unha rede de estradas secundaria que comunica diferentes enclaves e núcleos da península do Grove, así como novos viarios que dan servizo ás urbanizacións máis recentes. Os numerosos accesos ás praias son principalmente de tipo peonil e de diferentes materiais (madeira, carreiros de terra, area e laxes). Destaca entre estes accesos a existencia dun paseo marítimo de madeira que bordea o litoral. O porto deportivo de San Vicente permite o acceso de embarcacións de recreo de toda a ría de Arousa e a de Pontevedra.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

Non se fixo inventario do patrimonio cultural e arqueolóxico na unidade.

### O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Nesta paisaxe litoral con excelentes praias separadas por afloramentos rochosos, a zona posúe unha tradición mariñeira, actualmente baseada na actividade marisqueira e o cultivo de mexillón como se observa nas industrias que se sitúan na franxa costeira, pero a actividade máis puxante a día de hoxe é a destinada á hostalería. O maior contrapunto paisaxístico é a alta ocupación humana, cifrada nos asentamentos de uso estacional.

### DINÁMICA DA PAISAXE

Obsérvase unha inestabilidade profunda na dinámica da paisaxe. Pasando dunha contorna natural formada por extensos areais e sistemas dunares, onde o único elemento de paisaxe humana constituíeno as parcelas de uso agrícola e os antigos camiños rurais. As fortes tensións creadas no sistema natural que conforman os areais das praias, coa construción dun armazón urbanístico que non presenta continuidade, responden a outras necesidades que non se integran coa contorna. A dinámica das masas forestais variou, as que antes ocupaban a superficie costeira foron desprazadas polo uso residencial, mentres que na actualidade o abandono do uso agrícola foi rexenerado en parte polo uso forestal e tamén polo uso residencial. A construción dun viario costeiro que dá servizo ás novas urbanizacións contribuíu á fragmentación da paraxe natural costeira.


### RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

## 3. AVALIACIÓN

### VALORACIÓN DA PAISAXE

Os seus extensos areais, só interrompidos polos afloramentos rochosos, dotan a esta unidade de valores naturais e paisaxísticos. A suavidade do relevo permite visións abertas do conxunto en cotas próximas ao areal, abundan os primeiros planos e as conexións entre o litoral e a chaira central, situada ao resguardo de dous promontorios arborescidos. Situouse un punto de observación aproveitando o miradoiro do club náutico. A presenza de rocas redondeadas de gran tamaño denominadas "cons" poderíanse considerar como un miradoiro natural perfectamente integrado coa paisaxe, o Con da Garda sería un bo exemplo diso. Por último situouse outro punto de observación próximo ao Con da Hedra nunha cota superior aos 100 metros, ofrecendo amplas panorámicas da península do Grove. O potencial ecolóxico da unidade vén dado pola súa inclusión na IBA Contorna das Rías Baixas, e os hábitats formado polo sistema de dunas marítimas atlánticas e os cantís mariños atlánticos.



## 4. PLANIFICACIÓN

### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ACCÍONS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Crecementos espontáneos da fachada rural de Balea Marítima, co obxectivo de ordenar os usos do solo e evitar a colmatación da fronte costeira con desenvolvementos dispersos e integrar os baleiros como elementos xeradores de trama ou estrutura física e funcional, recuperando na medida do posible as condicións naturais desta zona dunar fortemente condicionada por este tipo de desenvolvementos.







Crecementos residenciais de Pedras Negras, co obxectivo de ordenar os usos do solo e frear os crecementos espontáneos na fronte costeira desvinculados dos núcleos fundacionais que xeren un continuo urbano que impida a contemplación do horizonte litoral. Deberase favorecer a permeabilidade, protexendo a perda de biodiversidade da área, mellorando deste xeito, a calidade escénica e ambiental do bordo litoral; así como integrar aqueles usos e servizos que contribúan á cohesión social.

### Lenda / Leyenda

#### Usos do solo / Usos del suelo




 Chairas intermareais / Llanuras intermareales	 Matogueiras / Matorrales
 Marismas / Marismas	 Cultivos e prados / Cultivos y prados
 Praias / Playas	 Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero
 Dunas / Dunas	 Viñedos / Viñedos
 Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros	 Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico
 Cantis / Acantilados	 Forestal de repoboación / Forestal de repoblación
 Vexetación costeira / Vegetación costera	 Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas
 Bosques autóctonos / Bosques autóctonos	 Outras masas de auga / Otras masas de agua
 Bosques de ribeira / Bosques de ribera	 Canteira / Cantera
 Bosques mixtos / Bosques mixtos	 Artificial / Artificial
 Bosques de recolonización / Bosques de recolonización	
 Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo	

#### Asentamentos / Asentamientos

 Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
 Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
 Asentamento funcional / Asentamiento funcional
 Agregado urbano / Agregado urbano
 Nova agrupación / Nueva agrupación
 Outras edificacións / Otras edificaciones

#### Hidrografía / Hidrografía

#### Patrimonio / Patrimonio

 Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
 Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
 Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
 Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
 Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
 Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
 Puntos de observación / Puntos de observación
 Faros / Faros

#### Toponimia / Toponimia

Toponimia interior / Toponimia interior
<b>Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral</b>
Praia / Playa
Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
Toponimia de costa / Toponimia de costa
<b>Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico</b>
Toponimia de portos / Toponimia de puertos

#### Batimetría / Batimetría

 0 m	 -20 m	 -100 m	 -500 m	 -2000 m
 -10 m	 -50 m	 -200 m	 -1000 m	 -3000 m












#### Espazos de interese / Espacios de interés

 Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
 Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
 Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
 Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

#### Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

#### Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

#### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

 Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
 Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
 Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
 Zona portuaria / Zona portuaria
 Ferrocarril / Ferrocarril
 AVE / AVE
 Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
 Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
 Outras estradas / Otras carreteras
 Pistas e camiños / Pistas y caminos
 EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, huso 29



